

Procedementos e instrumentos da avaliación Educación plástica,

visual e audiovisual :1º, 3º eso

A avaliación será un proceso continuo que favoreza a autocorrección e basearase na realización dos traballos e comprensión dos contidos.

Nos primeiros días do curso farase a tódolos alumnos unha avaliación inicial para, deste xeito, coñecer o seu nivel de contidos e competencias e valorar a posible adaptación ou repaso de contidos que conveña facer. Esta avaliación seguirá os criterios do curso anterior

a- Avaliación Ordinaria

O curso o forman tres avaliacións, cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual.

Realizarán actividades relacionadas cos contidos , que repetirán si non acadan un resultado positivo

No mes de xuño o alumno só se examinará das avaliacións suspensas. Tamén presentará os traballos suspensos ou non presentados . A cualificación sairá da media ponderada entre a nota do exame e as das avaliacións aprobadas

A nota final será a resultante deste examen e a media das tres avaliacións.

Os alumnos que no acaden un resultado positivo, despois deste examen global de xuño, realizarán o examen de setembro.

b- Avaliación Extraordinaria.

Á proba presentaranse tódolos alumnos cualificados negativamente en xuño. O alumno será avaliado tendo en conta os contidos mínimos de toda a materia do curso.

Nesta proba, o alumno examínase de todas as avaliacións .

Así mesmo entregarán os traballos realizados durante o curso que non foran presentados polo alumno ou que tiveran unha cualificación de insuficiente.

Procedementos e instrumentos da avaliación Música :2º,3º eso

a- Avaliación Ordinaria:

O curso divídese en tres avaliacións, cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual. Realizarán actividades relacionadas cos contidos , que repetirán si non acadan un resultado positivo No mes de xuño o alumno só se examinará das avaliacións suspensas., tamén presentará os traballos suspensos ou non presentados . A cualificación sairá da media ponderada entre a nota do exame e as das avaliacións aprobadas

A nota final será a resultante deste examen e a media das tres avaliacións.

Os alumnos que no acaden un resultado positivo despois deste exame global de xuño, realizarán o exame de setembro.

b- Avaliación extraordinaria:

Á proba presentaránse todos os alumnos cualificados negativamente en xuño. O alumno avaliarase tendo en conta os contidos mínimos de toda a materia do curso.

Nesta proba o alumno examinarase de todas as avaliacións .

Así mesmo entregarán os traballos realizados durante o curso que non foran presentados polo alumno, ou que tiveran unha calificación de insuficiente.

Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Pesos	Observacións
EXPRESIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL 1º, 3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - Láminas, traballos, individuais , preguntas orais, escritas e exames escritos realizados durante a avaliación. - Traballo trimestral teórico e práctico relacionado coa arte . 	70%	<p>. Todo traballo entregado fora de prazo , sin causa xustificada, non superará a nota dun 5</p> <p>-As láminas puntuarán sobre 10,(8 os conceptos, 2 a presentación, colocación dos datos .etc)</p> <p>- Valorarase a resposta aos obxectivos plantexados ,empregando conceptos ,destrezas e actitudes estudados</p> <p>-As láminas presentaranse ao final do trimestre cos traballos realizados máis a libreta de apuntamentos .</p> <p>A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, faltas de ortografía etc.) dos traballos teóricos , a falta de limpeza nos traballos prácticos , e a mala actitude , poderá dar lugar a unha penalización de ata un 5% desde puntos puntos na súa calificación.</p>

	<p>- Libreta de apuntamentos da asignatura</p>	<p>20%</p>	<p>Valorarase a presentación, a limpeza. A libreta presentarase ao final de cada trimestre . A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, faltas de ortografía etc. poderá dar lugar a unha penalización de ata un 5% desde puntos puntos na súa cualificación.</p>
	<p>- Actitudes exhibidas ao longo do curso, reflectidas na súa asistencia, puntualidade, participación e comportamento en clase; na dilixencia e pulcritude na entrega de traballos, exercicios, etc., no seu interese cara ás distintas manifestacións artísticas .</p>	<p>10%</p>	<p>-Terase moi en conta o traballo e o esforzo do alumno. A limpeza ,a presentación e a creatividade , así como o interes do alumno cara a asignatura. Valorarase o intento de superación do alumno As faltas de asistencia sin xustificar ,a falta de material, as faltas de respecto cara os compañeiros ou o profesor puntuarán de maneira negativa.</p>

Motivos para a perda da avaliación continua Plástica e Música.

A perda do dereito á avaliación continua aplicarase a alumnos cuxo absentismo iguale ou supere o 30% do horario lectivo da materia na avaliación. Os alumnos terán dereito a presentarse ós exames finais (debendo presentar o traballo realizado durante o curso).

Programas de recuperación Materias durante o curso Educación plástica, visual e audiovisual 1º3º

Ao longo da avaliación, o alumno recuperará os exercicios cualificados negativamente (porque os realizou mal, ou non os presentou sen causa xustificada etc.) entregándoos antes de finalizar o período lectivo desa avaliación. Periodicamente presentarán eses traballos e exercicios para corrixir e resolver as dificultades que vaian atopando.

Os alumnos que non superen a primeira ou a segunda avaliación, por non acadar un 5 nas probas e nos traballos entregados, a recuperarán na seguinte avaliación. Ademais entregarán algúns exercicios que o profesor considere pertinentes . Os alumnos que non superen a terceira avaliación, realizarán o exame final de xuño ,xunto coas demais avaliacións suspensas no caso de que as houbera. (na convocatoria de xuño o alumno só se examinará das avaliacións que teña suspensas , así como de presentar os traballos do curso non entregados ou suspensos)

O abandono da materia, suporá o suspenso da mesma . Por abandono enténdese:

- Falta de puntualidade tanto na asistencia á clase como na entrega do traballo
- Actitude negativa (non traer o material, non copiar os apuntes, falar na clase,...) impedindo a boa marcha das sesións.
- Non entregar os traballos e láminas
- Falta de respecto aos traballos propios e alleos, así como do material da materia.

6.5: Programa de recuperación materias durante o curso Música 2º, 3º

Os alumnos que non superen a primeira, segunda ou terceira avaliación, por non acadar un 5 nas probas e nos traballos entregados, tendrán en xuño un exame.

O abandono da materia, suporá o suspenso da mesma . Por abandono enténdese:

- Falta de puntualidade tanto na asistencia á clase como na entrega do traballo
- Actitude negativa (non traer o material, non copiar os apuntes, falar na clase,...) impedindo a boa marcha das sesións.
- Falta de respecto aos traballos propios e alleos, así como do material da materia.

6.6.2-materias pendientes doutros cursos Educación plástica visual e audiovisual

1º 3º eso

As alumnas ou alumnos de 2º coa materia de expresión plástica de 1º suspensa presentarán o caderno de apuntamentos ben presentada . Durante o curso presentarán traballos e actividades relacionadas cos criterios mínimos, coincidindo coa primeira e segunda avaliación. Se obteñen un resultado positivo presentarán a convocatoria ordinaria de pendientes un traballo teórico-práctico. No caso de non obter un resultado positivo por non presentar ou suspender as entregas dos traballos, terán que presentar todos os exercicios na convocatoria ordinaria de pendientes. Se o resultado non é positivo irán á proba extraordinaria de pendientes de setembro. Nesta convocatoria, o alumno presentará os traballos propostos durante o curso.

As alumnas ou alumnos de 3º coa materia de Plástica de 1º . Si aproban a 1º e 2º avaliación do curso de terceiro considerárase que recuperan a materia. No caso contrario, presentarán na convocatoria ordinaria de pendientes traballos teóricos e prácticos. De non aprobar, disporán doutra convocatoria no mes de setembro. Neste caso, realizarán o dito anteriormente.

Para as alumnas ou alumnos de 4º con algunha das materias da Área de Educación Artística suspense, seguirase o mesmo criterio que para os suspensos de 2º da ESO.

Como axuda ós alumnos coa materia pendente de cursos anteriores, o profesor da materia entregará a principio dos trimestres un boletín de exercicios (ou exame-tipo) de forma que o alumno teña unha idea clara de que é o que debe saber . Realizarán tamén exercicios escritos (antes do exame ordinario) coa finalidade de preparar a materia . Será obrigatorio aprobar e presentar estes exercicios

Materias pendientes doutros cursos Música 2º, 3º eso.

Terán un exame por trimestre, no cal entraralle as tres leccións pertinentes.

6.6.3-Probas extraordinarias

Educación plástica visual e audiovisual 1º, 3º eso

- Os alumnos que no superen a materia na convocatoria de xuño , poderán recuperala na proba extraordinaria de setembro. Nela examínase de toda a materia, presentará os traballos realizados durante o curso así como os resumos, exercicios e outros traballos propostos polo profesor

- Os alumnos coa materia pendente doutros curso que non a recuperaran na convocatoria ordinaria terán outra convocatoria en setembro .Nesta proba examínase de toda a materia , así como de entregar os traballos e exercicios que o profesor crea necesario

Probas extraordinarias Música 2º, 3º eso

- Os alumnos que no superen a materia na convocatoria de xuño, poderán recuperala na proba extraordinaria de setembro. Nela examínase de toda a materia.

- Os alumnos coa materia pendente doutros cursos que non a recuperaran na convocatoria ordinaria terán outra convocatoria en setembro. Nesta proba examínase de toda a materia.